

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE IGUALDADE, POLÍTICAS SOCIAIS, FAMILIA E RETO DEMOGRÁFICO CELEBRADA O DIA 24 DE MAIO DE 2024

PRESIDENTA:

Dona María Sandra Bastos Míguez

VOGAIS:

Dona María Nava Castro Domínguez

Dona Luisa María Sánchez Méndez

Don Rafael Domínguez Artime

Don Jorge Cubela López

Don Roberto José Álvarez Carrero na vacante por renuncia de **José Carlos López Campos**

Dona María Pilar Ramallo Vázquez

Don Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

Don Jesús Vázquez Almuiña

Don Carlos Gómez Prado

Dona Ana Laura Iglesias González

Dona Digna Rosa Rivas Gómez

Dona Nuria Rodríguez Rodríguez

Don Gorka Gómez Díaz

Don Javier Iglesias Mougán

Dona María Manuela Rodríguez Pumar

Dona María Ortega Iñarrea

En Pontevedra, sendo as doce horas e vinte minutos do día 24 de maio de 2024, reúnense na Sala de Xuntas da Deputación de Pontevedra, baixo a Presidencia de Dona María Sandra Bastos Míguez, as señoras e señores deputados que ó marxe se sinalan, membros da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico

Actúa como Secretaria, Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, adxunta xefatura do Servizo de Igualdade.

Aberta a Sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO 19 DE ABRIL DE 2024 (Expediente 2024025852)

A comisión acorda prestar aprobación, por unanimidade, a acta da sesión ordinaria celebrada o día 19 de abril de 2024.

2. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA INVESTIMENTO DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO DE CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, PROVINCIA + INCLUSIVA (Expediente 2023072114)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria de subvencións para investimento dirixidas a entidades sen fins de lucro de concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, PROVINCIA +INCLUSIVA, cuxo contido literal é o seguinte:



✚ "DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras:** aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 19 de abril de 2024
- **Publicación no BOPPO:** publicadas no BOPPO do día 26 de abril de 2024
- **Prazo de presentación de solicitudes:** aberto dende o día 29 de abril de 2024 ata o 26 de xuño de 2024

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca unha nova liña de subvencións para investimento dirixidas a entidades sen fins de lucro de concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Esta nova liña de actuación da Deputación de Pontevedra, enmarcada no programa "Pontevedra, provincia + Inclusiva", busca promover condicións de seguridade e autonomía para as persoas usuarias das entidades solicitantes, como elemento primordial para desenvolver as actividades da vida cotiá, sen restricións derivadas do ámbito físico, arquitectónico e de comunicación, dándolles a oportunidade de ter unha participación activa e de uso e gozo dos diferentes espazos e recursos.

✚ ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades de iniciativa social sen fins de lucro situadas nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra que se atopen inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, e sexan titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais nos ámbitos de inclusión, maiores e/ou discapacidade, e que cumpran os requisitos establecidos nas bases.

✚ GASTOS SUBVENCIONABLES

As actuacións financiadas deberán executarse desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

Serán subvencionables os gastos ou custos relacionados a continuación en inmobles de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por calquera título válido en dereito, cun período de cesión vixente por un mínimo de 5 anos seguintes á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

- Gastos derivados das obras de acondicionamento, reforma ou ampliación de espazos accesibles nas instalacións das entidades solicitantes.
- Os custos de redacción da memoria do proxecto, se esta fose necesaria, serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables desde o punto de vista legal para a execución da obra de reforma ou acondicionamento.
- Gastos para adquirir sistemas inclusivos de comunicación, informáticos, audiovisuais, dispositivos braille, sintetizadores de voz, dispositivos de alarma mediante sinais luminosos ou acústicos ou mediante vibracións etc.
- Gastos derivados de adquirir axudas técnicas relacionadas coa mobilidade e o coidado persoal: camas articuladas, colchóns antiescaras, cadeiras de rodas (non cubertas por outro sistema público), guindastres



e plataformas elevadoras, andadores, sistemas de elevación, dispositivos motorizados para subir escaleiras, cadeiras para a ducha e outras de similar natureza para o uso das persoas usuarias da entidade solicitante.

As solicitudes poderán conter un ou varios dos gastos subvencionables anteriormente descritos.

CONTÍA DAS AXUDAS

A dotación destinada a esta convocatoria é de cento oitenta mil (180.000,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.789.00.

A repartición das axudas farase polo sistema de rateo entre todas as solicitudes que reúnan os requisitos desta convocatoria, cos seguintes condicionantes:

O importe máximo da subvención para cada solicitude non poderá exceder do 80% do seu orzamento nin da cantidade de dez mil (10.000,00) euros”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

3. DAR CONTA DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2024 (Expediente 2024023458)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da convocatoria do Programa LECER EN FAMILIA para o exercicio 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"DATOS DE INTERESE:

- **Bases reguladoras:** aprobación por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 3 de maio de 2024
- **Previsión de publicación no BOPPO:** agosto de 2024.(condicionado a adxudicación do procedemento de contratación da empresa)
- **Procedemento de contratación** mediante procedemento aberto da xestión desenvolvemento e execución do programa: en fase de tramitación

1. ANTECEDENTES



A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.

A Convención sobre os dereitos do neno adoptada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa Resolución 44/25, do 20 de novembro de 1989, reivindica tamén a necesidade de protexer e ofrecer a asistencia necesaria á familia para que esta poida asumir plenamente as súas responsabilidades dentro da comunidade, en tanto en canto considérase á mesma como o grupo fundamental da sociedade e medio natural para o crecemento e benestar de todos os seus membros, en especial dos máis vulnerables como os nenos e nenas.

É sobre estas premisas e sobre o mandato dos artigos 16.3 da Declaración universal dos dereitos humanos, 39 da Constitución española e 33 da Carta de dereitos fundamentais da Unión Europea, que garanten a protección social, económica e xurídica da familia, sobre os se asenta a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Constituída a nova corporación provincial, no exercicio das súas competencias, promove este novo programa que recolle o espírito e os obxectivos de dita Lei, e promove o benestar familiar, na procura de establecer medidas que apoiem e fomenten a unión e a saúde das familias da provincia.

Neste senso a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca a primeira edición dun programa para familias empadroadas na provincia de Pontevedra, entendendo a familia como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais, e crear tempo de lecer de calidade, no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

2. Finalidade do programa

Reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia que permita desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para todos os seus membros, a través de actividades destinadas a mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza, ao tempo que favorece o desenvolvemento da autonomía.

3. CONTIDO



O programa caracterízase por ofrecer unha estancia de fins de semana, nun establecemento hoteleiro (balneario, talaso, spa ou outras instalacións de características similares) da provincia de Pontevedra, con aloxamento dunha noite (venres ou sábado) en réxime de media pensión.

A estadia incluirá a utilización do spa, balneario, talaso un mínimo de dúas horas ao día e actividades con animación sociocultural infantil.

A entrada nos establecementos será o venres pola tarde con saída o sábado ao mediodía, ou entrada o sábado pola tarde e a saída o domingo ao mediodía.

As persoas beneficiarias poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, o establecemento que máis lles satisfaga de entre os establecementos adheridos (anexo I que se publicará unha vez adxudicado o programa a empresa especializada), se ben a asignación de prazas estará suxeita á dispoñibilidade destes. Así mesmo, no formulario de solicitude deberán sinalar un máximo de tres datas de preferencia para realizar a estancia que non serán vinculantes e estarán suxeitas á dispoñibilidade nos establecementos.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable de executalo, coordinalo e avalialo. Esta empresa disporá de persoal cualificado e dun servizo de atención ao público por vía telefónica para calquera dúbida que puidese xurdir; así mesmo, informará as persoas participantes das normas de conduta e utilización das instalacións e das coberturas do seguro para o programa. A empresa adxudicataria deberá adoptar as medidas sanitarias que no seu caso estean vixentes.

O ámbito temporal do programa será nos meses de temporada baixa, a partir do 15 de setembro e ata o 15 de decembro de 2024. Datas estimadas que dependerán da data de adxudicación das prazas podendo prorrogarse a execución ao primeiro trimestre de 2025.

4. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

Para os efectos, enténdese por unidade familiar a formada pola/s persoa/s adulta/s e, as fillas e os fillos e persoas maiores que convivan de xeito permanente ou temporal, coa persoa solicitante.

Así mesmo, terán a consideración de fillos e fillas as persoas en situación de garda con fins adoptivos e en acollemento familiar.

As persoas participantes deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante, e deberán estar empadroadas no mesmo domicilio. Exceptuase o requisito de empadramento no mesmo domicilio, no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

As persoas interesadas deberán reunir ademais os seguintes requisitos:



- 1) *Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) *Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) *Ser unha persoa autónoma para realizar as actividades elementais da vida diaria.*
- 4) *No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os cuidados que precise.*

5. REXIME ECONOMICO

As 2.350 prazas serán ofertadas nos seguintes termos :

- *2.300 prazas de réxime xeral; a Deputación subvencionará: 75 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 16 anos, 50 euros para as persoas de 4 a 16 anos, e o 100% no caso dos menores de 4 anos.*
- *50 prazas de réxime especial; a Deputación subvencionará un máximo de 130€ do custo da praza*

Poderán ser beneficiarias das prazas de réxime especial, as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia ou perceptores do Salario Mínimo Vital.

Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, coñeceranse unha vez adjudicado o contrato de prestación de servizos.

6. PROCEDIMENTO DE CONCESION

A concesión destas prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

A adjudicación do procedemento realizarase pola deputada delegada de área, dándose conta con posterioridade á Xunta de Goberno.

O procedemento de concesión das 2.350 prazas levarase a cabo atendendo a data e hora de rexistro de entrada.

Se non se cobren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Tendo en conta o anterior, inicialmente cubrirase un máximo de 2.350 prazas e as demais solicitudes que cumpran os requisitos quedarán na lista de agarda.

O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto desde o 8 de xullo de 2024 ata o 29 de xullo de 2024.



De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra a relación provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas.

Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este publicarase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no BOPPO e na páxina web da Deputación de Pontevedra a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas .

7. PROCEDIMIENTO PARA A XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DAS ESTANCIAS

Unha vez adxudicada a praza, o persoal de xestión da empresa adxudicataria poñerase en contacto coas persoas solicitantes co fin de fixar unha data para realizar a estancia, preferentemente nalgunha das sinaladas na solicitude.

O persoal da empresa adxudicataria realizará tres chamadas aos teléfonos de contacto sinalados. En caso de non poder contactar, enviará un correo electrónico ao enderezo sinalado para que a persoa solicitante se poña en contacto coa empresa no prazo máximo de tres (3) días naturais desde o seu envío para xestionar a súa solicitude.

Transcorrido o prazo anterior, entenderase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude, e asignaráselle a praza a unha persoa da lista de agarda.

8. ORZAMENTO

A contía prevista para esta convocatoria é de cento setenta e nove mil euros con (179.000,00 €) con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

4. DAR CONTA DA CONCESIÓN DOS OBRADOIROS DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA 2024 (Expediente 2023045215)

Dende o Servizo de Benestar Social elaboran informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico da concesión dos obradoiros do Programa PROVINCIA ACTIVA 2024, cuxo contido literal é o seguinte:

"ANTECEDENTES:



- *Bases reguladoras aprobadas por Acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do 17 de novembro de 2023*
- *Ofértanse 130 obradoiros dirixidos ás entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos previstos na convocatoria.*
- *Este programa está dirixido principalmente a persoas maiores de 50 anos de idade, polo que para levalo a cabo a entidade solicitante deberá acreditar antes do inicio de cada obradoiro que o 70 % do alumnado ten 50 anos ou máis no momento da inscrición, e que hai un número mínimo de 15 persoas inscritas.*
- *Só se poderá conceder un obradoiro por entidade. As temáticas, os obradoiros e o número de prazas ofertadas recóllense no anexo I, Catálogo de obradoiros.*
- *Os obradoiros terán unha duración de trinta (30) horas e impartiranse en xornadas de entre unha e tres horas á semana. A entidade solicitante poderá escoller que o obradoiro se imparta durante un ou varios días á semana ata completar o número de horas; a data límite para a súa realización será o 31 de decembro de 2024. Cada obradoiro terá un custo de sete (7) euros por participante.*
- *O orzamento consignado no Servizo de Benestar Social para o programa "PROVINCIA ACTIVA" 2024 ascende a cento corenta e cinco mil novecentos dezaseis euros con vinte céntimos (145.916,20 €), con cargo á aplicación 24/231.2311.227.07 do Orzamento provincial, para traballos realizados por outras empresas e prorrogase o contrato á empresa adxudicataria XESTION CULTURAL AUREA.*

Poden beneficiarse do programa as entidades sen ánimo de lucro de persoas maiores, xubiladas e pensionistas da provincia de Pontevedra dalgunha das seguintes tipoloxías:

*Tendo en conta o anterior, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e recibida a documentación esixida ás entidades que presentaron a súa solicitude de forma incompleta, consta que nesta convocatoria hai un total de **263 expedientes**, dos cales:*

- **Admitidas: 250** solicitudes por cumprir os requisitos establecidos nas bases reguladoras
- **Adxudicadas: 130** solicitudes
- **En lista de agarda: 120** solicitudes
- **Excluídas: 13** solicitudes, 5 por non ter emendado a súa solicitude no prazo establecido, e 8 por duplicidade de solicitudes.
- **Ningunha** solicitude foi presentada fóra de prazo.



A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 26 de abril 2024, aprobou a relación global de solicitudes admitidas, a lista definitiva de adxudicación dos obradoiros de PROVINCIA ACTIVA 2024, a correspondente lista de agarda, e a relación de excluídas.

OUTROS DATOS DE INTERESE:

- Número de solicitudes presentadas no 2024: 263 **fronte a 239 que se recibiron no 2023.**
- Os cursos máis demandados son os talleres de bailes de salón, conservando a memoria e a Ximnasia de mantemento para persoas maiores.
 - Ximnasia de mantemento para persoas maiores: 15
 - Bailes de salón: 15
 - Conservando a memoria: 14
 - Restauración de mobles e tapicería: 12
 - Pilates: 12
 - Risoterapia: 11
 - Pandeireta e Canto Popular: 11
 - Plantas medicinais: 10
 - Habilidades dixitais para o uso cotián: 8
 - Musicoterapia: 7
 - Ioga: 6
 - Informática nivel avanzado: 5
 - Teatro: 3
 - Terapia emocional: positividade e canalización das emocións: 1

CONCELLOS DAS ENTIDADES QUE FORON BENEFICIARIAS (42)

| | | |
|----------------|--------------------|------------|
| Arbo | Fornelos de Montes | Porriño, O |
| Baiona | Grove, O | Portas |
| Bueu | Guarda, A | Redondela |
| Caldas de Reis | Illa de Arousa | Ribadumia |



| | | |
|---------------------------|--------------------|-----------------------------|
| <i>Cambados</i> | <i>Lalín</i> | <i>Rodeiro</i> |
| <i>Campo Lameiro</i> | <i>Lama. A</i> | <i>Rosal, O</i> |
| <i>Cangas</i> | <i>Meaño</i> | <i>Salceda de caselas</i> |
| <i>Catoira</i> | <i>Moaña</i> | <i>Sanxenxo</i> |
| <i>Cerdedo – Cotobade</i> | <i>Moraña</i> | <i>Silleda</i> |
| <i>Covelo</i> | <i>Mos</i> | <i>Soutomaior</i> |
| <i>Cuntis</i> | <i>Nigrán</i> | <i>Tui</i> |
| <i>Estrada, A</i> | <i>Oia</i> | <i>Vigo</i> |
| <i>Forcarei</i> | <i>Pontearreas</i> | <i>Vilagarcía de arousa</i> |
| <i>Gondomar</i> | <i>Pontevedra</i> | <i>Vilanova de Arousa</i> |

Na anterior edición máis de 2.300 persoas participaron nos 130 obradoiros adxudicados a entidades de 43 concellos da provincia de Pontevedra (o **70,4% dos municipios** da demarcación provincial). Nesta edición se espera a participación de 3.000 persoas nos 130 obradoiros. Estas entidades pertencen a 42 concellos da provincia de Pontevedra

XESTIÓN ACTUAL DO PROGRAMA:

A empresa adxudicataria está a contactar coas entidades beneficiarias dos obradoiros eleixidos a fin de coordinar a implantación e execución do programa. Na actualidade estanse a comprobar as aulas onde se desenvolverán os obradoiros, a selección do profesorado de cada obradoiro e a calendarización dos mesmos”.

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

5. DAR CONTA DAS PERSOAS E CENTROS EDUCATIVOS PREMIADOS NO CONCURSO ESCOLAR 8M 2024 E TI, QUE PENSAS DA IGUALDADE? DIRIXIDO AOS CENTROS DE ENSINO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expediente 2024017796)

A Secretaria da Comisión elabora informe para dar conta ás persoas asistentes á Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico das persoas e centros educativos premiados no Concurso Escolar 8M 2024 E ti, que pensas da igualdade? dirixido aos centros de ensino da provincia de Pontevedra, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Deputación de Pontevedra puxo en marcha, con motivo da conmemoración do 8M, o concurso E Ti, que Pensas da Igualdade?, dirixido a toda a rapazada e mocidade da provincia de Pontevedra coa intención de amosarlle ao mundo, mediante diversas disciplinas artísticas, cal é a súa visión da nosa provincia sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes. A convocatoria estaba dirixida a todo o alumnado de



educación primaria, educación especial e secundaria (ESO, bacharelato e FP básica ou de grao medio) dos centros de ensino da provincia de Pontevedra.

Na páxina Web da Deputación de Pontevedra publicáronse as instrucións para participar en dito concurso. A finalidade do concurso era incentivar na cativada e na mocidade este pensamento crítico e de sensibilizalas sobre a importancia de acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e o rexeitamento claro da violencia de xénero, ao tempo que se fomenta a súa creatividade.

Para participar no concurso a rapazada de primeiro a cuarto de primaria e o alumnado de educación especial debían facer a nivel individual un debuxo ou colaxe e, a nivel grupal un conto. Para a rapazada de 5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato e FP básica ou de grao medio, debían elaborar a nivel individual unha banda deseñada e/ou viñeta; a nivel grupal 5º e 6º unha videopoesía, ESO unha canción e os demais un podcast.

O pasado 29 de abril de 2024, reúnense as persoas integrantes do xurado nomeado por Resolución Presidencial para emitir o resultado do concurso escolar 8M 2024 E Ti, que Pensas da Igualdade?. Logo da valoración de todos os traballos presentados á convocatoria, as persoas integrantes do mesmo manifestan a boa calidade dos traballos e de forma unánime entre todas as persoas integrantes decídense coma gañadoras:

✓ **Primaria**

Primeiro e segundo primaria. Individual

- 1.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Domínguez Carneiro, Arián**
CEIP Sabaris (1º Primaria)
- 2.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Martínez Muñiz, Alba**
CEIP Coirón-Dena (2º primaria)
- 3.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Blanco Cortés, Andrea Isabel**
CEIP Virxe Do Rocío (2º primaria)

Primeiro e segundo primaria. Grupal

- Centro gañador: **Deserto**

Terceiro e cuarto primaria. Individual

- 1.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Fandiño Cobas, Carla**
CEIP Coirón-Dena (4º Primaria)
- 2.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Sanmartín González, Lucía**
CEIP Coirón-Dena (4º Primaria)
- 3.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Cacabelos Ramallo, Pablo**
CEIP Coirón-Dena (4ª Primaria)

Terceiro e cuarto primaria. Grupal

- Centro gañador: **GRUPAL 4ºB- CEIP XUNQUEIRA 1**



Quinto e sexto primaria. Individual

- 1.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Gamallo Gómez, Iván**
CEIP Virxe Do Rocío (6º Primaria)
- 2.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **García Del Río, Noelia**
CEIP Sequelo (5º Primaria)
- 3.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Fernández María, Leticia**
CEIP Virxe Do Rocío (5º Primaria)

Quinto e sexto primaria. Grupal

- 1.º PREMIO
 - Centro gañador: **GRUPAL 5º- CEIP San Roque de Darbo**
- 2.º PREMIO
 - Centro gañador: **GRUPAL 6º- CEIP Virxe do Rocío**
- 3.º PREMIO
 - Centro gañador: **GRUPAL 5º- CEIP San Benito de Lérez**

✓ Educación especial. Individual

- 1.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Rodríguez Argibay, Natalia**
CEE Pontevedra
- 2.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Vázquez García, Lucía**
CEE Pontevedra
- 3.º PREMIO
 - Persoa gañadora: **Pintos Ligero, Estela**
CEE Pontevedra

✓ Educación especial. Grupal

- 1.º PREMIO
 - Centro gañador: **CEE PONTEVEDRA**

✓ ESO. Individual

- Persoa gañadora: **Deserto**

✓ ESO. Grupal

- 1.º PREMIO
 - Centro gañador: **IES LUIS SEOANE**
- 2.º PREMIO
 - Centro gañador: **CPI ARQUITECTO PALACIOS**
- 3.º PREMIO
 - Centro gañador: **COLEXIO LABOR**



✓ **Bacharelato e FP básica ou de grao medio**

- 1.º PREMIO
 - Centro gañador: *Deserto*
 - Persoa gañadora: **Yara Tristán Pais**
(IES O Carril)''

A Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico queda enterada do contido de dito informe.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se levan a cabo intervencións neste apartado.

E non habendo máis asuntos, a presidenta levanta a sesión, sendo ás doce horas e vinte e cinco minutos, do que eu, como secretaria, dou fe.

Asinada dixitalmente na data que figura na marxe.

